

## ANUNCIO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de **REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de 20 días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	O tempo transcorrido dende a aprobación da normativa aplicable, xustifican a necesidade da revisión do seu contido sendo por tanto este o primeiro dos obxectivos fixados. Adecuación ás características da corporación dentro dun marco de seguridade xurídica
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	Coa aparición de novos medios tecnolóxicos, contémpanse medidas dirixidas á retransmisión e gravación das sesións plenarias reforzando o nivel de transparencia e control pola veciñanza da toma de decisións.
Obxectivos da norma	Mellorar o rendemento da participación dos grupos municipais nos asuntos públicos e da eficacia e eficiencia da institución municipal, posibilitando na medida do posible a unidade de acción dentro do respecto ao pluralismo político,
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Resulta preciso aprobar <b>REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL</b> porque actualmente este municipio carece de toda clase de regulación.

